

Alfonso VII. Rei de León e Castela, emperador. 1105-1157.

Era fillo de Urraca e Raimundo de Borgoña e neto de Alfonso VI. Naceu en Caldas de Reis, que pasou a denominarse así por ser berce dun rei.

Como era habitual na época, cando naceu nomearon un tutor que se encargase da crianza e educación do infante. O elixido foi Pedro Froilaz, Conde de Traba, que xurou lealdade, primeiro ao seu avó e logo ao seu pai. Era este un home de honra, o nobre máis poderoso de Galicia e que habería de ser sempre o seu valedor.

Cando contaba apenas uns meses de idade foi enviado cos Traba, cos que se criou como un fillo máis e con quen pasou a maior parte da súa infancia. Os lazos que formou coa familia Froilaz foron tan fortes, que máis tarde o seu fillo Fernando e despois o fillo deste, tamén elixiron aos Traba como tutores do seu herdeiro.

Apenas coñeceu ao seu pai que faleceu cando apenas tiña dous anos. Pouco despois, ao falecer o seu tío Sancho, a súa irmá convértese na herdeira ao trono e acórdase un matrimonio de estado co rei de Aragón.

Co matrimonio da súa nai, Alfonso perdía os seus dereitos sucesorios, polo que o seu tutor e protector Pedro Froilaz, apoiado pola parte máis importante da nobreza galega, facendo honra ao xuramento que prestaran ao seu avó en León, rebélanse en defensa dos seus dereitos e dá comezo un conflito que só finalizaría coa morte de dona Urraca.

Doutra banda, as desavinzas da súa nai co seu segundo esposo foron a causa dunha longuísima serie de loitas fratricidas, e ademais ao amparo da desorde no reino xeráronse disputas no resto do territorio, dando lugar a un conflito sen fin.

As disputas coa súa nai non cesaron, ata que finalmente accedeu a que fose coroado como rei de Galicia en 1111. Pero os problemas e os enfrontamentos sucedéronse ata os últimos anos de vida da súa nai, sendo unhas veces inimigos e outras aliados nos conflitos co rei de Aragón, ou Enrique e Teresa de Portugal.

Durante os últimos anos da súa nai, chegou a establecer un pacto polo cal cada un gobernaría os seus dominios. Pero o pacto durou pouco e os conflitos volveron, ata que en 1126, coa morte da súa nai, proclamábase por fin rei de León.

En Galicia era cousa feita, pero en Castela non era aceptado por gran parte da nobreza, e grazas á mediación da súa irmá Sancha conseguiu ser apoiado polo poderoso conde Suero Bermúdez, e con isto, aos poucos, conseguiu atraer ao resto da nobreza castelá.

Durante o seu reinado expandiu os seus territorios por conquista ou acordos cos caudillos musulmáns, e co seu matrimonio con dona Berenguela, filla dos poderosos condes de Barcelona, estableceu alianzas co nordés da península. Ningún monarca cristián tivera unha proxección política peninsular tan ampla. Era o monarca máis poderoso do seu tempo, ata o punto de ser recoñecido como emperador.

En 1135 foi coroado como emperador en León, e na cerimonia de coroación destacan dúas ausencias, Diego Xelmírez, o seu protector no pasado, que se atopa enfermo e non pode asistir, e o seu primo Alfonso Henriques de Portugal. A partir dese momento o seu obxectivo foi restablecer a paz.

Nove anos máis tarde, en 1143, asinou co seu primo Alfonso Henriques o Tratado de Zamora, polo que se recoñecía a independencia de Portugal.

Alfonso VII morreu en 1157 en Fresneda, defendendo Almería dos almohades. Segundo as súas disposicións testamentarias o reino dividiuse entre os seus dous fillos, desta forma coa perda de Portugal e a división do reino, púxose fin ao imperio que el mesmo creara.